



BREVES NOTAS PARA GALICIA

	4º TRIMESTRE 2024	
	Nº	Var. Int. 24/23
VIAXES	2.082.725	2,4%
NOITES	6.595.560	-1,1%
DURACIÓN MEDIA (días)	3,2	-3,4%
GASTO TOTAL (miles)	475.043,74 €	3,5%
GASTO MEDIO DIARIO POR PERSOA	72,0 €	4,6%

Os datos da Enquisa de Turismo de Residentes do cuarto trimestre de 2024 reflicten, en liñas xerais, un comportamento positivo da actividade turística en Galicia. Recupérase a boa dinámica dos últimos trimestres de 2023 e o primeiro e terceiro de 2024, con variacións de signo positivo nalgunhas das principais variables de demanda e de gasto. Só se aprecia como contrapunto ao anterior certo descenso da duración da viaxes que afecta negativamente ao volume de noites.

Amósanse a continuación as principais conclusións dos resultados da ETR para Galicia.

- Comportamento levemente negativo do turismo de ámbito nacional en Galicia neste cuarto trimestre de 2024, cun suave descenso do volume de pernoctacións -do 1,1% en relación ao pasado ano- como consecuencia dun empeoramento da estadía media -a duración media da viaxe a Galicia cae un 3,4%- nun contexto de crecemento do número de viaxes realizadas á nosa comunidade.
- Esta dinámica coloca os niveis de demanda, medida en volume de noites, por debaixo dos valores previos á pandemia, de 2019, rexistrando desta maneira a cifra máis baixa dos últimos seis anos -coa excepción do valor de 2020- con preto de 6,6 millóns. En termos de viaxes a perspectiva cambia pois o incremento deste ano coloca o nivel final en case 2,1 millóns, a cifra máis elevada dos últimos tres anos pero inferior aos valores rexistrados en 2019 e 2021.
- No curto prazo obsérvase un comportamento negativo da demanda en outubro e decembro -con caídas do contorno do 7%- e un crecemento importante en novembro -do 16% neste caso-.
- Galicia é o sexto destino elixido polos españois na súa viaxe polo territorio nacional – perde un posto respecto do observado no terceiro trimestre-, absorbendo o 6,7% do total das pernoctacións estatais. Desde o punto de vista das noites lidera o mercado Andalucía –destino máis importante, que rexistra 17,7 millóns de noites neste trimestre, o 18,1% do total realizado en España-. Seguen en orde de importancia

Cataluña –con 12,5 millóns de noites-, a C. Valenciana –con 10,2 millóns-, Madrid –primeiro destino non mediterráneo que rexistra neste período 9,0 millóns de noites- e Castela e León –con 8,9 millóns neste caso-. Estes cinco destinos absorben o 60% do mercado nacional neste cuarto trimestre.

- En termos dinámicos obsérvase un comportamento negativo da demanda a nivel territorial. Así, o turismo nacional descende en practicamente todas as comunidades, coa excepción do País Vasco –único destino que supera o volume de noites do cuarto trimestre do pasado ano, nun 3,7%- e Cataluña –que se mantén en niveis parellos aos de 2023-.
- As caídas son, por tanto, xeneralizadas aínda que de intensidade variable: máis suaves en Galicia –do contorno do 1%- e moi acusadas en Castela e León e Cantabria –destinos nos que o volume de noites dos españois descende un 23% e 26%, respectivamente-.
- Neste contexto Galicia, a pesar do resultado negativo, sitúase no grupo de comunidades con mellor comportamento relativo, mellorando en oito puntos o comportamento no conxunto de España –a nivel estatal o nivel de demanda cae un 9,3%-.
- En termos de viaxes Galicia colócase en cambio no grupo de destinos con comportamento positivo –son catro en total-, mellorando a dinámica de trece comunidades.
- A pesar desta dinámica oito destinos conseguen manterse por encima dos niveis previos á pandemia, do cuarto trimestre de 2019, con distancias dispares. Estremadura, Murcia e A Ríoxa presentan maiores taxas de crecemento, isto é, maior distancia respecto dos valores anteriores á crise mentres que o País Vasco e Cataluña sitúanse en cifras máis parellas. No lado contrario nove destinos –entre os que se atopa Galicia- sitúanse por debaixo das cifras anteriores á crise, con maior distancia Castela e León e Baleares.
- A duración media das viaxes con destino Galicia sitúase en 3,2 noites, cifra levemente inferior á do mesmo período do pasado ano 2023 –cando ficaba en 3,3 noites- máis superior á de 2019 –cando se situaba en 3,0 noites-. As variacións son neste caso pouco significativas e de feito desde unha perspectiva de longo prazo pode falarse máis ben de certa estabilidade dos valores deste cuarto trimestre.
- O descenso da duración media das viaxes é o factor que explica a caída do volume de noites nun contexto no que o número de viaxes a Galicia sobe un 2,4%. En todos os casos as variacións son de baixa intensidade.
- Neste punto Galicia sitúase nunha posición media-alta no conxunto do Estado. Rexistra en síntese a quinta cifra máis elevada, por detrás de Canarias –marca o valor máis alto con 3,6 noites de media-, Estremadura, a C. Valenciana e Baleares. No lado contrario, a cifra máis baixa localízase en Navarra, cunha media de 2,3 noites.
- Seis destinos conseguen superar a duración media das viaxes do pasado ano 2023 –con maior intensidade Aragón-. Un mantense en niveis parellos mentres que os dez restantes –entre os que se atopa Galicia- presentan valores inferiores aos do pasado ano –A Ríoxa amosa a caída máis destacada, superior ao 20% interanual-.




- O 65% das viaxes corresponden ao turismo interno, isto é, aos residentes en Galicia que viaxaron pola propia comunidade. O 35% restante corresponde, por tanto, ás viaxes dos residentes no resto de España que veñen á nosa comunidade. Neste trimestre obsérvase de novo o maior peso do turismo interno na comunidade logo do equilibrio rexistrado no verán, cun reparto parello entre os dous mercados.
- Ambos segmentos presentan unha duración media da viaxe diferente. O viaxeiro interno fica de media 2,2 noites mentres que o nacional –que vén de fóra de Galicia- permanece 4,9 noites de media. Esta diferenza supón que o peso de ambos segmentos de mercado medido polo número de noites sexa diferente. Neste sentido o 45% das pernoctacións corresponden ao mercado interno mentres que o 55% son do mercado receptor nacional.
- O comportamento de ambos segmentos é parello neste cuarto trimestre de 2024. Ambos rexistran un leve descenso do volume de pernoctacións en relación ao mesmo período do pasado ano, en proporcións moi suaves e parellas –cunha caída do 1,6% para o turismo interno e do 0,7% para o receptor nacional.
- Esta dinámica explícase polo mesmo motivo: un descenso da duración media das viaxes –do 4% para o interno e do 3% para o receptor nacional- nun contexto no que realmente sobe o número de turistas de ambos mercados –de pouco máis do 2% en ambos-.
- Cunha perspectiva máis de longo prazo obsérvase que o mercado interno fica novamente por debaixo dos valores previos á pandemia, e soamente supera o nivel do cuarto trimestre de 2020 desde 2016. Neste sentido sitúase en mínimos dos últimos dez anos. En cambio, o mercado receptor nacional mantense por encima das cifras anteriores á crise a pesar de rexistrar o nivel máis baixo dos últimos tres anos –o máximo da serie histórica acádase no cuarto trimestre de 2022 con catro millóns de noites-.
- O 36% das noites realízanse en aloxamento de mercado –hoteis, pensións, apartamentos turísticos, vivendas de aluguer, cámping, etc- mentres que o groso da demanda, o 64% neste caso, corresponde a aloxamentos “non de mercado” –segunda residencia, casa de familiares e/ou amigos, etc-. Así pois, dúas de cada tres noites turísticas realizadas polos españois en Galicia durante este cuarto trimestre corresponde a aloxamentos fóra do mercado.
- Esta estrutura apenas cambia en comparación co observado no terceiro trimestre, gañando dous puntos de peso o aloxamento de mercado –supoñía o 34% das noites de xullo a setembro de 2024-.
- Ambos segmentos presentan un comportamento dispar neste período. O nivel de demanda no aloxamento de mercado descende en relación ao pasado ano –nun 21%- manténdose en todo caso por encima da cifra de 2019 –nun 12% en relación ao nivel de hai cinco anos-. Con isto este segmento rexistra preto de 2,4 millóns de noites.
- O segmento que opta por aloxamentos “non de mercado” presenta en cambio unha dinámica positiva, cun incremento do 15% en relación ao pasado ano –manténdose, sen embargo, por debaixo do nivel de 2019, un 9% menos-.




- O gasto total realizado polos turistas españois en Galicia ascende a 475 millóns de euros, cifra que supera nun 3,5% o dato do pasado ano e nun 48% o nivel acadado en 2019 e marca, en consecuencia, un máximo da serie histórica. En realidade nunca antes o turismo de ámbito nacional conseguira superar os 460 millóns de euros de gasto total durante a viaxe a Galicia no cuarto trimestre -en 2019 apenas superaba os 300 millóns de euros-.
- Neste punto Galicia sitúase como a sétima comunidade máis importante en volume de gasto total, absorbendo o 3,9% do total realizado polos españois. Lideran este ranking Andalucía, Madrid e Cataluña -só estas tres representan o 27% do total do gasto realizado polos españois neste ano-.
- Un 38% do gasto total realizado polos españois corresponden a viaxes ao estranxeiro - con destino un país fóra de España-, segmento que ten menos peso na parte de viaxes, o 12% do total, e que sen embargo representan maior gasto.
- Un terzo do gasto total realizado en Galicia corresponde ao turismo interno, dos residentes na comunidade, mentres que a porcentaxe restante -o 67%- é efectuado polo turismo receptor nacional.
- Desta maneira conclúese que o turismo interno, dos residentes en Galicia, supón o 65% do total das viaxes á comunidade mais o 45% das noites e tan só o 33% do gasto total. O mercado receptor nacional co 35% das viaxes efectúa o 67% do gasto total.
- O gasto medio diario por persoa en Galicia, do turista español, sitúase en 72,0 euros, cifra que neste caso increméntase nun 4,6% en relación ao pasado ano, superando tamén a cifra de 2019 -en máis dun 50%-.
- É o cuarto ano consecutivo no que melloran as cifras de gasto medio diario do turista español en Galicia no cuarto trimestre, pasando de arredor de 30 euros en 2020 -en plena pandemia- a 72 euros agora en 2024. Supera tamén a toda a serie anterior á crise, rexistrando con isto un máximo da serie histórica deste período.
- Este dato varía en función do segmento de referencia. Así, o gasto medio diario por persoa é superior para o turista que se aloxa nalgunha modalidade "de mercado" -con 124,2 euros de media-, fronte ao que opta por alternativas "fóra de mercado" -con 42,6 euros neste caso-. Ambas cifras supoñen máximos da serie histórica.
- Cambia tamén en función da procedencia. Así o gasto medio diario do turista interno sitúase en 52,1 euros mentres que o turista que procede de fóra de Galicia gasta de media por día 88,6 euros.
- Madrid é o destino nacional que presenta maior cifra de gasto medio diario do turista español. Con 110,5 euros por persoa e día lidera o ranking neste cuarto trimestre. Seguen en orde de importancia Baleares -con 104,3 euros-, Canarias -con 92,5 euros- e o País Vasco -con 90,7 euros neste caso-. Só as dúas primeiras superan a media estatal que neste trimestre sitúase en 94,6 euros por persoa e día.
- No lado contrario sitúanse destinos do interior peninsular -Extremadura e Castela A Mancha-, ambas con cifras inferiores aos 60 euros por persoa e día.

ANEXO – GRÁFICAS


Viaxes dos españois a Galicia. 4º Trimestre 2016-24




Peso dos mercados: interno e receptor nacional. 4º Trimestre 2024




Viaxes dos españois a Galicia, por orixe do turista. 4º Trimestre 2016-24



Distribución da demanda segundo o tipo de aloxamento. 4º Trimestre 2024



Gasto medio diario por persoa en Galicia. Global e por segmentos. 4º Trimestre 2024



Gasto medio diario dos españois a Galicia, por orixe do turista. 4º Trimestre 2016-24

